


## SUND-10. Catro Camiños



## Localización

O SUND-10 é un ámbito destinado a constituir un pequeno ámbito de centralidade no encontro de Catro Camiños da parroquia de Recesende en contacto coa estrada AC-841.

## Descrición

Trátase dun espazo parcialmente ocupado por vivenda diseminada cunha ordenación e urbanización que posibilitaría encher o espazo de transición entre os núcleos rurais evolucionados a enclaves urbanos en torno á AC-841 e á estrada local Requián-Catro Camiños, e o solo rústico, así como regularizar a situación da vivenda diseminada.

Ao mesmo tempo permite a solución da conexión viaria entre a estrada CP-8201 e a estrada local citada, que se propón no Plan reforzar como vía perimetral do crecemento urbano no Oeste de Cacheiras, e de "cosido" da orla de núcleos rurais que o bordean.

## Desenvolvemento mediante Plan de Sectorización

O SUND-10 desenvolverase mediante un ou varios Plan(s) de Sectorización, conforme ao contido e procedemento xerais establecidos na lexislación e ás condicións particulares para o mesmo que establece o Plan Xeral.

## Parámetros básicos

|                                                                            |                                     |
|----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Superficie do Sector: <b>S1</b>                                            | 70.060,0 m <sup>2</sup>             |
| Superf. dotacións/viarios interiores existentes que se manteñen: <b>SD</b> | 1.780,0 m <sup>2</sup>              |
| Superf. efectiva do Sector: <b>SE</b> (= S1-SD)                            | 68.280,0 m <sup>2</sup>             |
| Sup. Sistemas Xerais Exteriores adscritos: <b>SXE</b>                      | 0 m <sup>2</sup>                    |
| Sup. total incluíndo SS. XX. Exteriores: <b>S2</b> (= SE+SXE)              | 68.280,0 m <sup>2</sup>             |
| Uso Global:                                                                | Residencial                         |
| Coefficiente de Edificabilidade:                                           | 0,30 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |

## Sistemas Xerais (solo)

O Plan Xeral adscribe ou inclúe no ámbito SUND-10 as seguintes reservas dotacionais de Sistemas Xerais, sen prexuízo do cumprimento polos Plans de Sectorización das reservas mínimas legalmente aplicables, completando as aquí sinaladas, no caso de que aquelas foran superiores a estas.

|                                                                  |                      |
|------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <u>SS.XX. interiores</u>                                         |                      |
| SXP-EE5, Reserva educativa de Catro Camiños                      | 5.000 m <sup>2</sup> |
| <u>SS.XX. interiores pendente do(s) Plan(s) de Sectorización</u> |                      |
| Zona verde                                                       | 3.073 m <sup>2</sup> |

## **Sistemas Xerais (obras)**

O SUND-10 custeará, e, se é o caso, executará, as seguintes obras de conexión coas redes de servizo existente e/ou de ampliación e reforzo das mesmas, requiridas ante as novas demandas xeradas polo sector:

### Viario

| Denominación / descrición         | Unidades | Nº uds. |
|-----------------------------------|----------|---------|
| Conexión CP-8201 – C.Camiños..... | ml ..... | 300     |
| Glorieta C.Camiños .....          | Gta..... | 1       |

### Saneamento

| Denominación / descrición                | Unidades | Nº uds. |
|------------------------------------------|----------|---------|
| Rede de Colectores Xerais (act. 13)..... | ml ..... | 500     |

### Abastecemento

| Denominación / descrición                             | Unidades | Nº uds. |
|-------------------------------------------------------|----------|---------|
| Rede Principal de subministro de Auga (act. 23) ..... | ml ..... | 500     |

As dimensións sinaladas aos treitos das redes asignadas ao sector son estimadas, suxeitas ao seu axuste no proxecto ou plan correspondente.